

Biblioteca de madeiras do mundo

Persoeiros de distintos ámbitos danlle contido á orixinal iniciativa de Agustín Bastón, que se expón ao público no Día das Letras



O artífice da iniciativa, ordenando os primeiros exemplares. // G.N.


Cangas

16-05-15 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2015/05/16/biblioteca-madeiras-do-mundo-16913438.html>

Escritores, arquitectos, médicos, escultores, bancarios, dramaturgos, cociñeiros, xornalistas... "A única condición é que teñan algo que dicir e que aportar a esta iniciativa na que participan amigos meus desde distintos ámbitos e profesións", explica Bastón, que estase a atopar con "verdadeiras *joyitas*" entre a trintena de pezas xa entregadas e que mañá, coincidindo co Día das Letras, poderanse contemplar nunha xornada de portas abertas no estudio que ten na Avenida de Ourense 44, xunto ao tradicional aserradeiro da súa familia, Madeiras Soage.

Precisamente desa tradición e oficio familiar xorde o coñecemento e o aprecio que Agustín ten de infinidade de especies arbóreas ás que quere darlle pulo. Pensou que unha boa maneira era que cada autor escollera a que lle peta e actuar sobre esa materia primeira en forma de libro, enchéndoa de contidos. "Agardo que acade milleiros de exemplares algún día, porque hai especies e autores para logralo, aínda que os primeiros convidados sexan os meus amigos e as madeiras máis endémicas de Galicia", apunta, mentres lle da os últimos retoques á mostra que presenta.



O último libro en chegar, esta mesma semana, é de José Manuel Vieira - que foi capitán do exército portugués durante a Revolución dos Caraveis, e tamén xornalista e profesor de universidade- e fala das relacións de vecindade entre Galicia e o Norte de Portugal. Xunto a el agólpanse volumes de moi distinta natureza e contido, como a letra dun *rap* escrito por Ramón Rodríguez, unha peza hiperrealista de Antonio Graña, Tonino, unha composición para zanfoña de Cristina del Río, profesora do IES de Rodeira, ou unha poesía escrita polo escultor Henrique Prado sobre un trozo de madeira de tea dunha viga da cuberta da fábrica de Massó en Bueu, que data de 1926.

Tamén deixaron xa testemuña sobre a madeira outros coñecedores dela, como o moañés José Pastoriza, con apuntes sobre a carpintería de ribeira, o político e dramaturgo Xosé Manuel Pazos, cunha reflexión sobre o teatro ("traballar sobre o corpo e a palabra..."), un texto poético de Vázquez Pintor escrito en lápiz sobre nogal do país, ou un da autora Margarita Landa sobre unha peza de eucalipto "infartado". Encarna reflexiona sobre as mulleres, e o enólogo Jesús Pita Sors aproveita a invitación para disertar sobre a influencia dos factores medioambientais sobre a fertilidade das xemas de albariño. Honorato Parcero céntrase no proceso de análise do viño, sobre pau rosa brasileiro.



As ideas son tan variadas como a capacidade dos convidados a expresalas. A bancaria Paz Cardoso aproveita para adicar o seu libro de madeira a achegarnos un vocabulario da crise e termos como o "apalancamento" da economía, o arquitecto Manolo Pena opta por crear "o libro dos peixes", cunha fermosa figura trenzada na portada, mentres a bióloga Isabel Rodríguez Germade aproveita para dar algunhas claves doutorales sobre a produtividade das rías.

"É unha maneira de coñecer as madeiras que se utilizan de soporte ao mesmo tempo que as persoas e o traballo que realizan", explica Agustín Bastón, que leva varias décadas metido nestas danzas da cultura e a arte. Tamén leva moitos anos de oficio, ao fronte dos fogóns, Tino Eiroa, propietario e cociñeiro de "O Porrón", que aproveita un exemplar de madeira de plátano para ilustralo coa receita da "caldeirada de pulpo", delicadamente ilustrada. O carteiro Ricardo Fernández debuxa lápices de cores sobre un libro de roble americano, Xabier Ríos pinta barquiños da infancia sobre acacia negra australiana e un xornalista vai recollendo todos estes testemuños nunha enciclopedia que está en permanente creación.